



MARCO NORMATIVO

I. MARCO NORMATIVO

A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal e así aparece recollido en numerosos textos normativos :

A Constitución Española, que é o maior referente xurídico estatal, recolle no seu artigo 14 que a poboación española é igual ante a lei “sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

E o artigo 9.2 sinala que son os poderes públicos os que deben “promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos nos que se integren sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social”

Pola súa banda, o Tratado da Comunidade Europea (TCE)

Recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3) e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade de xénero:

“ A unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)”. Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introduci-lo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

En maio de 2011, o Consello da UE, co fin de reafirmar e apoiar a estreita relación entre a Estratexia da Comisión Europea para a igualdade entre mulleres e homes (2010-2015) e a Estratexia Europa 2020, reafirmou o seu compromiso de cumprir as aspiracións da UE en materia de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e adoptou o Pacto Europeo pola igualdade de xénero (2011-2020). Neste pacto, o Consello recoñece que a igualdade entre mulleres e homes constitúe un valor fundamental de la Unión Europea e que as políticas de igualdade de xénero son vitais para o crecemento económico, a prosperidade e a competitividade e insta aos Estados membros e á Unión Europea a:

- Adoptar medidas para reducir as desigualdades en canto a emprego e protección social, incluídas as diferenzas de retribución entre mulleres e homes.

- Promover un mellor equilibrio entre vida laboral e vida privada para mulleres e homes, co fin de impulsar a igualdade de xénero, aumentar a participación das mulleres no mercado laboral e contribuír a superar os desafíos demográficos
- Combater todas as formas de violencia contra as mulleres.

En marzo de 2015, a Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller de Nacións Unidas, coincidindo coa conmemoración de Beijing+20, aprobou unha declaración política que, baixo o lema "50.50 en 2030", aboga por alcanzar a igualdade de xénero en 15 anos.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes constitúe o marco normativo nacional para promover o principio de igualdade de tratao e oportunidades entre mulleres e homes e fai referencia ao carácter transversal que debe ter a incorporación da igualdade na totalidade das políticas públicas no conxunto do Estado

Artigo 15. Transversalidade do principio de igualdade de tratao entre mulleres e homes.

O principio de igualdade de tratao e oportunidades entre mulleres e homes informará, con carácter transversal, a actuación de todos os Poderes Públicos. As administracións públicas deben integralo, de forma activa, na adopción e execución das súas disposicións normativas, na definición e orzamentación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades.

No ámbito autonómico, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a Igualdade de mulleres e homes recolle tamén este principio transversal da igualdade de oportunidades no seu artigo 6:

Artigo 6. Significado da transversalidade e criterios de actuación

Coa dobre finalidade de promover a Igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da Igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

Por outra banda, segundo o disposto no artigo 7 da Lei 7/2004, "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se non se acompañasen ou se tratase dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

Este precepto establece a obrigatoriedade da análise previa ao debate parlamentario de calquera iniciativa legislativa que leve a cabo o goberno galego, de forma que se valore o impacto que, por razón de xénero, poidan ter as medidas que se establezan nela.

A Secretaría Xeral da Igualdade, é a competente para emitir dito informe sobre o impacto de xénero ao abeiro do previsto no artigo 8 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia (en diante Lei 7/2004) e no artigo único, alínea 2, da Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia.

